



Rodríguez & Rodríguez



KÄRCHER

SERVICIO OFICIAL
ASISTENCIA TÉCNICA AUTORIZADA

OFICINAS Y ALMACÉN
Lugar de Sabaxáns, 57 · 15280
Bastavales - Brión (A Coruña)
981 888 533 contacto@pilrodriguez.com

EXPOSICIÓN, TIENDA Y TALLER
Avda. Rosalía de Castro, 65 · 15895
O Milladoiro - Ames (A Coruña)
981 534 334 karcher@pilrodriguez.com

www.pilrodriguez.com

OFERTA DE EMPREGO TÉCNICO/A ELECTROMECAÁNICO/A DE MAQUINARIA PROFESIONAL

Centro de traballo: O Milladoiro – Ames (A Coruña)

Tipo de posto: Incorporación estable

Ámbito habitual: Provincias da Coruña e Pontevedra

QUÉN SOMOS

Rodríguez & Rodríguez é unha empresa familiar galega fundada en 1989, especializada na distribución, mantemento e reparación de maquinaria profesional de limpeza. Contamos con obradoiro técnico propio no Milladoiro e somos Servizo Técnico Oficial Kärcher. Actualmente buscamos incorporar unha persoa ao noso departamento técnico para formala e especializala no diagnóstico, mantemento e reparación de maquinaria profesional.

FUNCIÓNS PRINCIPAIS

Diagnóstico de avarías mecánicas, eléctricas e electrónicas.
Mantemento preventivo e correctivo de maquinaria profesional.
Desmontaxe, comprobación, reparación e montaxe de compoñentes.
Revisión de motores, bombas, baterías, cargadores, relés, contactores, electroválvulas e circuitos de auga.
Interpretación de esquemas eléctricos, manuais técnicos e despezamentos.
Identificación e solicitude dos recambios necesarios.
Realización de probas de funcionamento e seguridade.
Reparación de equipos no obradoiro e, de maneira puntual, nas instalacións da clientela.
A persoa seleccionada traballará con hidrolimpadoras, aspiradores profesionais e industriais, fregadoras, varredoras, equipos a batería e outra maquinaria profesional de limpeza.

PERFIL BUSCADO

Non é necesario ter experiencia previa con maquinaria Kärcher nin coñecer a marca.
Buscamos persoas con formación ou coñecementos en:
Electromecánica, electricidade ou electrónica.
Mecatrónica ou mantemento industrial.
Automoción ou electromecánica de vehículos.
Maquinaria agrícola, industrial ou de construción.
Instalacións eléctricas, automatismos ou telecomunicacións.
Tamén se valorarán candidaturas de persoas recentemente tituladas.
Teranse especialmente en conta a habilidade manual, a capacidade para analizar avarías de forma ordenada, a responsabilidade, o interese pola reparación e a disposición para aprender. Será necesario dispoñer de permiso de conducir.

FORMACIÓN E APOIO DA EMPRESA

A incorporación realizarase de forma progresiva. A empresa proporcionará:
Formación práctica específica en maquinaria Kärcher.
Acompañamento durante as primeiras reparacións.
Acceso a manuais, esquemas e documentación técnica do fabricante.
Cursos técnicos e formación en diagnóstico, reparación e recambios.
Apoio da empresa, do fabricante e da rede de servizos técnicos.
Posibilidade de realizar formación práctica noutros obradoiros especializados.
Ferramentas, equipos de medición e medios necesarios para o posto.
O obxectivo é que a persoa seleccionada adquiera progresivamente autonomía técnica e desenvolva unha carreira profesional estable dentro da empresa.

QUE OFRECEMOS

Contratación estable.
Formación especializada a cargo da empresa.
Traballo variado e aprendizaxe continua.
Acompañamento durante o período de adaptación.
Posibilidades reais de desenvolvemento e responsabilidade profesional.

ENVÍO DE CANDIDATURAS

As persoas interesadas poden enviar o seu currículo indicando no asunto:
«Candidatura Técnico/a Electromecánico/a»
Correo electrónico: ramon@pilrodriguez.com
Teléfono: 627780387